

ACTA Nº 12/11

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 21 DE MARZO DE 2011

Asistentes:

CONCELLEIROS:

D. Arturo González Pérez.
D. Victor Pastoriza Lino
D. Valentín Piñeiro González.
D. Daniel Rodas Chapela.
D^a Libertad Cruz Couso.

Secretario: Carlos Piñeiro Sarmiento

Na casa do Concello de Moaña, o 21 de marzo de 2011, reúnense as devanditas persoas baixo a presidencia do señor alcalde, D. Xosé Manuel Millán Otero, asistidos por min, o secretario, coa finalidade de realizar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, anunciada para o día de hoxe ás 18:00 horas, en primeira convocatoria.

A Presidencia declara aberta a sesión ás 18:15 horas.

1.- APROBACIÓN, SE É O CASO, DA ACTA ANTERIOR.

Dáse conta do borrador da acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local nº 10/11, correspondente á sesión do 7 de marzo de 2011.

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobala.

2.- DACIÓN DE CONTAS DE RESOLUCIÓNS APROBADAS POR AVOCACIÓN.

Dáse conta da resolución 143/11, na que o alcalde avocou a competencia delegada á Xunta de Goberno Local para a aprobación do proxecto e adxudicación da obra *Acondicionamento de planta alta na praza de abastos*” motivada pola urxencia na súa execución.

A Xunta de Goberno Local queda enterada.

3- LICENZAS DE OBRAS

Vistos os expedientes instruídos a instancia dos interesados que de seguido se relacionan e examinados os informes do técnico e do secretario municipais, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade das persoas asistentes, acorda conceder a licenza de obra, que será efectiva, no seu caso, a partir da licenza de primeira ocupación, deixando a salvo os dereitos de propiedade e sen prexuízo de terceiros e, con circia subxección aos condicionamentos establecidos nos devanditos informes, e tras o pagamento das taxas correspondentes.

3.A) EXPTE. 35/11 – D. ÓSCAR JUNCAL RÚA presenta proxecto de conservación de vivenda unifamiliar e reparación de cuberta, sita no barrio de Sabaceda, nº 4, redactado polo arquitecto técnico D. José Buceta Amoedo, visado o 04.03.11.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 18 de marzo de 2011, que literalmente di:

ASUNTO: PROXECTO DE CONSERVACIÓN (OBRA MAIOR)

INFORME: Procede licenza das obras de conservación definidas en proxecto.

Non precisa informes sectoriais.

Atendendo as definicións do Capítulo IV relativas as normas de habitabilidade para vivendas obxecto de actuacións de rehabilitación ou ampliacións en edificación e vivendas existentes, as obras de conservación para a reparación de cuberta quedan clasificadas polo artigo 8º.A.1 como obras de adecuación estrutural para o Decreto 29/2010 do 4 de marzo polo que se aproban as normas de habitabilidade de vivendas de Galicia; de acordo co artigo 10º do referido decreto, a este tipo de obras non lles será esixibles o cumprimento das normas NHV-2010. As demais obras de conservación non son obxecto de encaixe nos distintos apartados do referido decreto.

Edificación en situación de fóra de ordenación

A presente licenza outórgase ao abeiro do disposto no artigo 9º da Lei 9/2002 de 30 de decembro de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia

Os deberes de uso, conservación e rehabilitación que propugna o presente proxecto céntranse na simple conservación da cuberta co mantemento estrutural da mesma salvo reforzos circunstanciais e puntuais e conforme se define na memoria construtiva do proxecto se procederá ao desmonte pertinente, substitución de tella plana, e colocación de illamento térmico formado por paneis tipo sandwich. Chorrearanse as fachadas e repararan gretas e fisuras, repararanse a carpintería exterior. O expediente conta con Estudo básico de seguridade e saúde.

Liquidación provisoria de tributos

Imposto s/construción.....	418,97 €
Taxas licenza urbanística.....	65,00 €
Cartel de obra.....	110,00 €

3.B) EXPTE. 34/11 – D. MANUEL COBAS RODRÍGUEZ presenta proxecto de conservación e mantemento de cuberta en vivenda unifamiliar existente no lugar da Mingalleira, nº 34, do barrio do Con, redactado polo arquitecto técnico D. José Buceta Amoedo, visado o 08.03.11.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 18 de marzo de 2011, que literalmente di:

ASUNTO: PROXECTO DE CONSERVACIÓN (OBRA MAIOR)

INFORME: Procede licenza das obras de conservación definidas en proxecto.

Non precisa informes sectoriais.

Atendendo as definicións do Capítulo IV relativas as normas de habitabilidade para vivendas obxecto de actuacións de rehabilitación ou ampliacións en edificación e vivendas existentes, as obras de conservación para a reparación de cuberta quedan clasificadas polo artigo 8º.A.1 como obras de adecuación estrutural para o Decreto 29/2010 do 4 de marzo polo que se aproban as normas de habitabilidade de vivendas de Galicia; de acordo co Artigo 10º do referido decreto, a este tipo de obras non lles será esixibles o cumprimento das normas NHV-2010. As demais obras de conservación non son obxecto de encaixe nos distintos apartados do referido decreto.

A presente licenza outórgase ao abeiro do disposto no artigo 9º da Lei 9/2002 de 30 de decembro de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia

Os deberes de uso, conservación e rehabilitación que propugna o presente proxecto céntranse na simple conservación da cuberta co mantemento estrutural da mesma salvo reforzos circunstanciais e puntuais e conforme se define na memoria construtiva do proxecto se procederá ao desmonte pertinente así como do soporte continuo de planchas de fibrocemento e colocación de tella mixta. Preservarase o uso preexistente.

O expediente conta con Estudo básico de seguridade e saúde.

Liquidación provisoria de tributos

Imposto s/construción.....	168,68 €
Taxas licenza urbanística.....	65,00 €
Cartel de obra.....	110,00 €

3.C) EXPTE. 05/11 – Dª. JULIA CANCELAS MARTÍNEZ presenta proxecto básico e de execución para construír unha vivenda unifamiliar no Piñeiro, redactado polo arquitecto D. Gumersindo Vázquez Gómez, visado o 21.12.10.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 10 de marzo de 2011, que literalmente di:

ASUNTO: PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR.

INFORME TÉCNICO. Procede licenza por resultar compatible coa normativa urbanística.

Proxecto básico e de execución. Proxecto visado polo COAG con data de 21/12/2010, con carácter definitivo queda modificado parcialmente memoria e plano nº 1 con data de visado de 23/03/2011.

No expediente consta a acta de replanteo para o sinalamento da alineación, fixación de cesións e fianza subscripta polo arquitecto técnico municipal con data de 3 de marzo do 2011 para ordenanza 2 do documento de revisión e adaptación das NN. SS de Planeamento Muicipal hoxe vixente.

Require informes sectoriais.

No expediente consta autorización administrativa da Deputación Provincial.

Cédese 0,00M/2, resultado de aplicar a afección do sistema viario sobre a parcela co obxecto de incorporalo a este.

Non se constitúe fianza que responda polos gastos de urbanización simultánea a acometer polo petionario.

Superficie da parcela 324,00 metros cadrados.

No expediente consta o estudo básico de seguridade e saúde.

A eficacia desta licenza condiciónase a ter rematadas as obras de edificación e urbanización simultánea en prazo; para recibir estas ultimas polo Concello e facultar a conexión coas infraestruturas correspondentes levaranse a cabo obtendo a licenza de primeira ocupación antes do primeiro uso.

Notas para o informe xurídico:

A presente licenza aplícaselle o disposto na Lei 9/2002, disposición transitoria primeira 1.b) por ser solo urbano con planeamento aprobado ao abeiro da Lei 11/1985, polo tanto, non adaptado a Lei 1/1997 por reunir as condicións do artigo 12.a) da Lei 9/2002 para a condición de soar.

Liquidación provisoria de tributos

Imposto s/construción.....	846,05 €
Taxas licenza urbanística.....	105,76 €
Cartel de obra.....	110,00 €
Conexión saneamento.....	180,00 €

4- OBRAS MENORES

Vistos os expedientes instruídos a instancia dos interesados que de seguido se relacionan e examinados os informes do técnico, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos señores asistentes, acorda conceder as licenzas de obras menores, deixando a salvo os dereitos de propiedade e sen prexuízo de terceiros e, con circía suxeición aos condicionamentos establecidos nos informes, e tralo pagamento das taxas correspondentes.

4.A) EXPTE. 15/11 – D^a BALBINA CHAPELA PAREDES solicita a reconstrución de muro de peche a lindeiros no lugar de Casal, nº 21, San Martiño, de conformidade coa documentación presentada. Tramo de 8 x 1 ml de alto, tramo de 6 x 2 ml. Total 20 m2. Orzamento 900 euros.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 15 de marzo de 2011, que literalmente di:

ASUNTO: RECONSTRUCCIÓN DE MURO DE PECHE (O. MENOR)

INFORME: **Procede licenza** de acordo coa documentación obrante no expediente.

Non require informes sectorias.

Altura máxima a partir da rasante será de dous metros.

O enteste coa vía pública distará catro metros do eixo da mesma.

Liquidación provisoria de tributos

Imposto s/construción	25,20 €
Taxas licenza urbanística	65,00 €

4.B) EXPTE. 16/11 – D^a MARÍA MERCEDES SANTOMÉ GONZÁLEZ presenta anteproxecto para cerramento de 34,53 ml cunha altura de 1,50 m a base de postes de formigón prefabricado e malla metálica e outro de 13,44 ml cunha altura e 1,50 m a base de dúas fileiras de bloques, postes e malla metálica, a lindantes, situado na Costa do Redonde, Moaña, redactado polo enxeñeiro técnico agrícola D. Francisco Díaz Juncal, visado o 03.02.11.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 15 de marzo de 2011, que literalmente di:

ASUNTO: PECHE (O.MENOR)

INFORME: **Procede licenza coas seguintes limitacións:**

A altura máxima do cerramento será de un metro e toda a súa lonxitude.
Por protección paisaxística o cerramento unicamente estará constituído por postes e malla, prohibíndose a fábrica de bloques.

Liquidación provisoria de tributos

Imposto s/construción 30,23 €
Taxas licenza urbanística 65,00 €

4.C) EXPTE. 17/11 – D. JOSÉ GARCÍA PORTELA solicita licenza de obras para reconstrución de muro de peche existente de 34,00 x 2,00 m con encabezamento a vía pública, a base de ladrillo e postes prefabricados, sito no barrio do Casal, 29 – San Martiño, de conformidade coa documentación achegada.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 15 de marzo de 2011, que literalmente di:

ASUNTO: RECONSTRUCCIÓN DE MURO DE PECHE (O. MENOR)

INFORME: **Procede licenza.**

Non require informes sectorias.
Altura máxima a partir da rasante será de dous metros.
O enteste coa vía pública distará catro metros do eixo da mesma.

Liquidación provisoria de tributos

Imposto s/construción 56,00 €
Taxas licenza urbanística 65,00 €

4.D) EXPTE. 23/11 – D. JOSÉ LUIS NÚÑEZ MIRANDA E DONA NIEVES GOMEZ MALVIDO presenta croquis de muro de peche a via pública, sito no lugar de Albariños-Tirán, de conformidade coa documentación que achega. Zona aparcamento 24 m2, lonxitude do muro 30,12 ml x 1,80 de alto; orzamento: 1.897,56 euros.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 15 de marzo de 2011, que literalmente di:

ASUNTO: CERRAMENTO (O. MENOR)

INFORME: **Procede licenza.**

Non require informes sectoriais
Retranqueo da vía pública sera de mínimo de catro metros do eixo.
Altura máxima será de 1,80 metros, deles un máximo dun tercio será diáfano e o restante de carácter opaco.

Liquidación provisoria de tributos

Imposto s/construción 53,14 €
Taxas licenza urbanística 65,00 €

4.E) EXPTE. 33/11 – D. BENEDICTO PEQUEÑO GONZÁLEZ solicita licenza municipal de obras de conservación de terraza sita no barrio de Verdeal, 29 – Domaio, lindante coa estrada provincial de San Benito a Liñares, de conformidade coa documentación presentada.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 15 de marzo de 2011, que literalmente di:

ASUNTO: OBRAS DE CONSERVACIÓN DE TERRAZA (O MENOR)

INFORME: **Procede licenza.**

Require informes sectoriais.

No expediente consta autorización administrativa da Deputación Provincial.

A presente licenza outórgase ao abeiro do disposto no artigo 9º da Lei 9/2002 de 30 de decembro de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

Liquidación provisoria de tributos

Imposto s/construción 41,50 €
Taxas licenza urbanística 65,00 €

5.- OUTROS ESCRITOS E LICENZAS

EXPTE. 134/09 – D. PABLO ESPINOSA DE SOTO

O Servizo de Urbanismo da Delegación Territorial de Pontevedra solicita, mediante oficio con saída dese servizo o día 18.02.11, que o Concello lle remita certa documentación en relación ao expediente nº 10-100, de solicitude de autorización previa da administración autonómica, para rehabilitación dunha vivenda,

Dáse conta do informe do aparelador municipal do 15 de marzo de 2011, que textualmente di:

Nº EXPEDIENTE: 131/09

PETICIONARIO: PABLO ESPINOSA DE SOTO

ASUNTO: REHABILITACIÓN DE CUBERTA (OBRA MAIOR)

SITUACIÓN: VERDEAL. DOMAIO.

INFORME TÉCNICO MUNICIPAL:

O presente informe remítese a Xunta de Goberno Local para a súa aprobación en relación coa petición formulada para o expediente nº 10-100 de solicitude de autorización previa da administración autonómica para a rehabilitación de cuberta de unha vivenda. **Aos efectos de remisión o presente acordo.**

Procederã licenza das obras de rehabilitación definida na documentación técnica presentada unha vez conqueridas as autorizacións pertinentes dada a natureza da intervención en solo rústico polo Servizo de Urbanismo da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas. Conta co informe sectorial da Delegación Territorial de Pontevedra da Consellería de Cultura e Turismo autorizando a obra sometida a afección patrimonial. Edificación en situación de non afectación por un sistema viario atendendo ao disposto no artigo 33 da Lei 4/1994, de 14 de setembro, de estradas de Galicia, polo que non procede autorización dos organismos titulares dos viais próximos a localización da pretendida rehabilitación. A presente licenza debe outorgarse ao abeiro do disposto no artigo 9º da Lei 9/2002 de 30 de decembro de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia unha vez aportadas as autorizacións pertinentes e cumpridas as obrigas para esta clase de solo.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda remitirle á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas o informe do arquitecto técnico para os efectos do artigo 41 da Lei 9/2002.

6.- RECTIFICACIÓN PADRÓN VENDEDORES/AS DA PRAZA DE ABASTOS 2011

A Xunta de Goberno Local, por acordo do 17 de xaneiro de 2011, aprobou o padrón anual dos postos da praza de abastos, por un total de 2.378,91 euros, composto por:

- peixe: comeza por Carmen Santomé Martínez e remata por Alicia Rúa Pena,
- carne: comeza por M^aPeregrina Ferverza Taboas e remata por Concepción Riobó Paz
- froitas: comeza por Josefa Corrales Ferverza e remata por M^a Carmen Trigo Ferverza
- roupa: Nieves Pereiro Martínez
- pan: (cerrado): M^a Nieves Currás Pastoriza
- pan: M^a Carmen Boubera Nogueira,

Advertidas na Tesourería municipal pequenas desviacións de redondeo no importe que se recolle nos postos de carne ao aplicárselle a ordenanza reguladora (superficie do posto x 9,02 €/mes), en concreto nos postos 1C, 2C, 5C, 6C, 12C e 13C, cómpre corrixilas no sentido que recolle a seguinte táboa,

POSTO Nº	NOME E APELIDOS	M2	NIF	Importe que aparece no padrón do 17.01.11	Importe corrixido.
1C	M ^a Peregrina Ferverza Taboas	8,2	35312400V	73,97	73,96
2C	M ^a Jesús García Cabanelas	9,04	76804398S	81,5	81,54
5C	Violeta Martínez Costa	10,69	78730936G	96,37	96,42
6C	Virgina Pena Pastoriza	12,69	78732101L	114,4	114,46
12C	Gerardo Solla Cabanelas	16,9	35312424H	152,36	152,44
13C	Concepción Riobó Paz	7,7	36021322X	69,37	69,45

Visto que consecuencia desta rectificación o importe total do padrón ascende a 2.379,21 euros,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda que se rectifique o padrón de vendedores/as da praza de abastos no sentido indicado pola Tesourería municipal.

7.- RESUME DO PADRÓN DE AUGA E SANEAMENTO DO PRIMEIRO TRIMESTRE DO ANO 2011

Visto o resume do padrón de auga e saneamento correspondente ao primeiro trimestre do ano 2011, entregado o día 18 de marzo de 2011 por AQUALIA, Servizo Municipal de Abastecemento e Saneamento de Auga, por un importe 203.601,59 euros.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar o padrón de auga e saneamento do primeiro trimestre do ano 2011, por un importe de 203.601,59 euros, e que se expoña ao público polo período de tempo regulamentario.

8.- LIQUIDACIÓNS DA TAXA POR UTILIZACIÓN PRIVATIVA OU APROVEITAMENTO ESPECIAL DO SUBSOLO, SOLO E VOO DA VÍA PÚBLICA

Visto o informe da Tesourería municipal do 17 de marzo de 2011, en relación á liquidación da taxa por ocupación do solo, subsolo e voo do dominio público municipal pola declaración relativa aos ingresos brutos presentada por Iberdrola Generación S.A.U. no que indica:

Consonte ó disposto no artigo 24 do TRLRFL, o importe a liquidar correspóndese co 1,5% dos ingresos brutos procedentes da facturación da empresa que preste os seus servizos no termo municipal correspondente.

Entenderase por ingresos brutos procedentes da facturación aqueles que, sendo imputables a cada entidade, fosen obtidos por aquela como contraprestación polos servizos prestados en cada termo municipal, excluídos os impostos indirectos que os graven e as partidas ou cantidades cobradas por conta de terceiros que non constitúan un ingreso propio da entidade á que se lle aplique este réxime especial de contificación da taxa.

En aplicación do anteriormente exposto, remítese á Xunta de Goberno Local, a liquidación das taxas indicadas a efectos da súa aprobación con carácter definitivo e notificación ós interesados .

***IBERDROLA GENERACIÓN S.A.U. (CIF A95075586)**

	BASE DA TAXA (euros)	IMPORTE TAXA(euros) BASE*0,015
FEBREIRO 2011	9.865,17	147,98

PRAZOS DE INGRESO: Consonte ó disposto no artigo 62 da Lei 38/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria (BOE núm.30, de 18 de decembro), no caso de débedas tributarias resultantes de liquidacións practicadas pola Administración, o pago en período voluntario deberá facerse nos seguintes prazos:

Se a notificación da liquidación se realiza entre os días un e 15 de cada mes, dende a data de recepción da notificación ata o día 20 do mes posterior ou, se éste non fose hábil, ata o inmediato hábil seguinte.

Se a notificación da liquidación se realiza entre os días 16 e último de cada mes, dende a data de recepción da notificación ata o día cinco do segundo mes posterior ou, se éste non fora hábil, ata o inmediato hábil seguinte.

O ingreso poderá facerse efectivo na oficina de recadación municipal situada na planta baixa do Concello de Moaña (r/As Barxas s/n CP 36950, Moaña, Pontevedra) ou na conta de recadación aberta na entidade financeira Caixanova (núm.2080 0529 05 0040000800), de luns a venres, de 9:00 a 13:30 horas.

Transcorrido o prazo de ingreso, as débedas serán esixidas polo procedemento de apremio e se devengarán os correspondentes recargos do período executivo, os xuros de demora e, no seu caso, as costas que se produzan.

RECURSOS: Poderá interperse recurso de reposición no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ó da notificación da resolución expresa (art. 116 e s.s. Lei 30/92).

-Poderá interperse recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte a aquel en que se notifique a resolución expresa do recurso potestativo de reposición ou en que aquel deba entenderse presuntamente desestimado (arts. 25 e s.s. Lei 29/98 LJCA), ante os tribunais da xurisdición contencioso-administrativa.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a contía das liquidacións reflectidas no informe da Tesourería, correspondente á taxa por ocupación do solo, subsolo e voo do dominio público local de IBERDROLA GENERACIÓN, S.A.U. por importe de 147,98 euros polo período de febreiro 2011, e notificarlle o acordo á Recadación municipal para o seu cobro.

9.- SOLICITUDES DE TARIFAS REDUCIDAS PARA O SERVIZO DE ABASTECIMENTO DE AUGAS E SANEAMENTO

Visto o informe do 18 de marzo de 2011 da traballadora social do Concello, emitido en relación coas solicitudes recibidas para a obtención de tarifas reducidas para o servizo de augas e depuración que achega, nos que en conxunto relaciona a 11 persoas que cumpren cos requisitos esixidos na ordenanza municipal e 2 que non cumpren por superar ingresos,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda:

Primeiro: Aprobar a a redución do 50% da tarifa do servizo de augas e depuración as seguintes persoas:

-

Segundo: Desestimar as seguintes solicitudes por superaren ingresos

-

Terceiro: Notificarlle o acordo a Aqualia.

10.- LUDOTECA: ALTA

Visto o informe do 21 de marzo de 2011 remitido pola coordinadora da Ludoteca en relación á solicitude que se recibiu para a admisión dun neno no servizo da Ludoteca municipal, así como as tarifas que lle corresponde en función da ordenanza municipal,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda:

Primeiro: Dar de alta no servizo municipal da Ludoteca ao seguinte usuario, con indicación do seu nome, o nº de socio, tarifa que lle corresponde e nome da persoa responsable obrigada ao seu pagamento:

Socio	Mauro Nogueira Santomé	Art. 4 Epgr. 1º
243	ESTELA SANTOMÉ FREIRE (nai)	

Segundo: Trasladarlle o acordo á Recadación municipal.

11.- ELABORACIÓN DE LISTAXE PARA A CONTRATACIÓN TEMPORAL DE AUXILIARES DA POLICÍA LOCAL 2011

Vista a proposta de bases que rexerán a conformación dun listado para proceder á contratación temporal de auxiliares da Policía local de Moaña, datada o 15 de marzo de 2011, que di:

BASES QUE REXERÁN A SELECCIÓN PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE AUXILIARES DA POLICÍA LOCAL DE MOAÑA. 2011

1.- OBXECTO

O obxecto das presentes bases é regular o proceso selectivo para a contratación laboral temporal de 8 auxiliares de Policía Local para actuar como reforzo, por necesidades de servizo, nos termos fixados polo art. 95 da Lei 4/2007, de 20 de abril, de coordinación de policía locais de Galicia.

A selección se realizará polo sistema de quenda libre e o procedemento de oposición.

A contratación das e dos aspirantes realizarase a medida que xurdan tales necesidades, pola orde de puntuación total obtida nas probas. No intre en que sexa necesaria a contratación dun ou dunha auxiliar, terase en conta a puntuación acadada. Os contratos que se van realizar terán unha duración máxima de catro meses. En determinados casos,

devida e obxectivamente xustificados, poderá realizarse a contratación por un prazo de tempo superior, que non excederá dos seis meses.

A relación ordenada de aprobados deixará de ter vixencia o 31 de decembro de 2011, data na que decaerá calquera dereito que por participar neste proceso puidese corresponderlles aos aprobados.

2.- CONDICIÓN E REQUISITOS DAS E DOS ASPIRANTES

Para tomar parte nesta convocatoria, de conformidade co establecido nos artigos 21 e 47 do Decreto 243/2008, do 16 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 4/2007 de coordinación de policía locais, os/as aspirantes deberán reunir os requisitos seguintes:

- a) Ser español ou cidadán dun país membro da Unión Europea (acreditarse mediante fotocopia compulsada do DNI).
- b) Ter cumpridos 18 anos de idade e non exceder de 58 anos na data en que finalice o prazo de presentación de solicitudes.
- c) Estar en posesión do título de graduado en ESO, ou equivalente, ou en condición de obtelo na data en que remate o prazo de presentación de solicitudes, que se acreditará mediante presentación do título oficial ou copia autenticada deste e, no seu defecto, xustificante de ter efectuado o depósito para obtelo (no caso de titulacións expedidas por organismos estranxeiros, deberá achegarse certificación do Ministerio de Educación e Ciencia en que se faga constar a súa equivalencia coa esixida para o acceso).
- d) Non ter sido separado/a, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse inhabilitado/a para o exercicio das funcións públicas. Non ter sido condenado/a por delito doloso. Será aplicábel, non obstante, o beneficio da rehabilitación, segundo as normas penais e administrativas, que o/a aspirante deberá acreditar mediante o correspondente documento oficial. Non atoparse incurso/a en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade que determina a lexislación vixente.

O cumprimento destes requisitos acreditarase mediante a presentación dunha declaración xurada nos termos sinalados.

- e) Ser titular do permiso de conducir da clase B (xustificarse con fotocopia compulsada).
- f) Acreditar, mediante certificado médico, non padecer enfermidade ou defecto físico que impida ou dificulte o desenvolvemento das funcións propias dun auxiliar da policía.
- g) Ter unha estatura mínima de 1,65 metros para os homes e de 1,60 metros para as mulleres. Este requisito acreditarase mediante declaración xurada sen prexuízo da súa posterior constatación.

Todos estes requisitos deberán acreditarlos na data en que remate o prazo de presentación de solicitudes da convocatoria correspondente.

3.-PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

As solicitudes, nas que constarán, polo menos, os datos persoais da persoa que solicita co seu enderezo e a denominación da praza ou posto ao que opta, deberán presentarse no Rexistro xeral, e estarán dirixidas ao alcalde do Concello de Moaña.

O prazo de presentación de solicitudes comezará a partir do día seguinte ao da publicación destas bases no taboleiro de anuncios do Concello e nun diario de máxima tiraxe, e rematará o día 8 de abril de 2011.

As solicitudes tamén poderán presentarse nas demais formas legalmente admitidas, segundo dispón o artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. As solicitudes que se presenten a través das oficinas de correos deberán entregarse en sobre aberto para seren seladas e datadas polo persoal funcionario de Correos antes de seren certificadas.

As solicitudes que non se presenten no Rexistro xeral do Concello de Moaña deberán enviarse vía fax ao Concello (986310104), debidamente seladas, antes da fin do prazo para presentar as solicitudes.

Xunto coas solicitudes, as e os aspirantes deberán achegar todos os documentos que xustifiquen que posúen os requisitos necesarios que se establecen na base segunda.

4.-RELACIÓN DE PERSOAS ADMITIDAS E DE EXCLUÍDAS

O día 13 de abril de 2011 publicarase, no taboleiro de anuncios do Concello, a listaxe provisoria de persoas admitidos, e a relación de excluídas, xunto coa causa da súa exclusión. Existirá un prazo de tres días, que contará dende o día seguinte ao da publicación da citada relación, para que as e os aspirantes excluídos poidan presentar as alegacións que xulguen oportunas.

O día 18 de abril de 2011 exporase ao público, no taboleiro, a listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas e indicárase, ademais, as datas en que se van realizar as diferentes probas.

5.-TRIBUNAL CUALIFICADOR

Será designado polo alcalde do Concello de Moaña e estará constituído por cinco persoas titulares e cinco suplentes. A composición do tribunal axustarase aos principios de imparcialidade e profesionalidade das persoas que o integren, que deberán posuír un nivel de titulación igual ou superior ao esixido para acceder á categoría da que se trate. A súa composición será a seguinte:

Presidente: o inspector-xefe da Policía Local de Moaña.

Secretario: o secretario da Corporación ou outro/a funcionario/a con habilitación estatal.

Vogais (tres): unha persoa técnica na materia, proposta polo alcalde; unha persoa designada polo alcalde por proposta do Comité de Persoal do Concello; e un/unha policía local alleo/a ao cadro de persoal do Concello proposto polo alcalde.

O tribunal cualificador poderá designar como asesor/a a un/unha monitor/a deportivo/a para o control das probas físicas.

As persoas integrantes do tribunal deberán absterse de intervir, comunicando tal circunstancia ao alcalde-presidente, cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no artigo 28 da Lei 30/92 de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común, así como cando tivesen realizado tarefas de preparación de aspirantes durante os cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria. Así mesmo, os/as aspirantes poderán recusar as persoas integrantes do tribunal cando concorran nelas algunha das circunstancias previstas para a abstención e de conformidade co establecido no artigo 29 da Lei 30/92.

6.- PROBAS SELECTIVAS

De acordo co previsto no artigo 47 do Decreto 243/2008, do 16 de outubro, as probas para a selección de auxiliares de policía contratados/as polos concellos, son as que se describen a continuación:

1. Comprobación da estatura e probas de aptitude física. Estas probas serán eliminatorias, polo que non poderá acceder á seguinte fase quen non as supere.

1.1.-Comprobación da estatura

Ao comezo realizarase o control da estatura dos/as aspirantes. Os mínimos son os que rexen para o ingreso nos corpos de Policía local: 1,65 metros para os homes e 1,60 metros para as mulleres.

1.2.-Probas físicas

As probas físicas cualificaranse de apto/non apto. Para obter a cualificación de apto as e os aspirantes deberán acadar as marcas mínimas ou non superar as máximas que se establecen para cada proba.

1.2.1. Potencia tren inferior: salto vertical

Realizarase nun ximnasio ou lugar semellante con chan horizontal e cunha parede vertical e lisa.

O/a aspirante colocarse en posición de partida, en pé, de lado xunto a unha parede vertical, cun brazo totalmente estendido cara a arriba e sen levantar os calcañares do chan, e marcará cos dedos a altura que alcanza nesa posición. O exercicio executarase, separándose 20 centímetros da parede e saltando tan alto como poida, marcando novamente coas dedas o nivel alcanzado.

Para a correcta realización da proba deberanse observar as seguintes regras:

-Pódense mover os brazos e flexionar o tronco e os xeonllos, pero non se pode separar do chan ningunha parte dos pés antes de saltar.

-Hai que realizar o salto cos dous pés ao mesmo tempo.

-Permítenselle dous intentos só aos/ás aspirantes que fagan nulo o primeiro. A distancia entre a marca feita desde a posición de partida e a acadada co salto deberá ser igual ou superior á mínima (en centímetros) establecida no seguinte cadro para cada sexo e grupo de idade.

	18-36 anos	37-48 anos	49 anos ou máis
Homes	41 cm	33 cm	29 cm
Mulleres	32 cm	28 cm	25 cm

1.2.2.- Resistencia xeral: carreira de 1000 metros lisos

Realizarase en pista de atletismo ou en calquera zona totalmente chaira de terreo.

O/a aspirante colocarse na pista no lugar indicado. A posición de saída realizarase en pé. Só se permite un intento.

O/a aspirante que abandone a carreira quedará excluído/a.

A proba consistirá en correr a distancia de 1000 metros no tempo máximo (en minutos) que se recolle na seguinte táboa para cada sexo e grupo de idade:

	18-36 anos	37-45 anos	46 anos ou máis
Homes	4,30'	5,00'	5,15'

Mulleres 5,00' 5,30' 5,45'

2. Proba de coñecementos.

A proba de avaliación dos coñecementos dos/as aspirantes deberá amosar o dominio dos contidos do temario que se inclúe no anexo.

Consistirá na contestación por escrito dun cuestionario de 50 preguntas tipo test, con 4 alternativas de resposta cada unha, que serán propostas polo tribunal. Os/as aspirantes disporán dun tempo máximo dunha hora para realizalo.

O tribunal cualificará a proba de 0 a 10 puntos, sendo preciso acadar 5 puntos, como mínimo, para non quedar eliminado/a.

A cualificación farase atendendo á seguinte fórmula: $N = (A - F/3)/5$.

Sendo N= nota final da proba; A= preguntas acertadas; F= preguntas erradas ou sen resposta.

3. Proba específica sobre coñecemento do termo municipal e da toponimia local

O órgano de selección someterá os/as aspirantes a unha proba para determinar o seu nivel de coñecemento sobre as características propias do concello e a toponimia local. Cualificarase de 0 a 3 puntos, sendo necesario acadar como mínimo unha puntuación de 1,5 puntos para superala.

4. Coñecemento da lingua galega

O tribunal valorará o nivel de coñecemento da lingua galega dos/as aspirantes, mediante unha proba que se cualificará de 0 a 3 puntos, sendo necesario acadar como mínimo unha puntuación de 1,5 puntos para superala.

7.-TEMARIO

1. O municipio. Concepto e elementos. Competencias municipais. A organización e funcionamento do municipio. O Pleno. O alcalde. A Xunta de Goberno Local. Outros órganos municipais.
2. Ordenanzas, regulamentos e bandos. Clases e procedemento de elaboración e aprobación.
3. A licenza municipal. Tipos. Actividades sometidas a licenza. Tramitación.
4. Lei de coordinación das policía locais de Galicia e normas de desenvolvemento. Réxime disciplinario: disposicións xerais e faltas disciplinarias.
5. A actividade da policía local como policía administrativa I: consumo. Abastos. Mercados. Venda ambulante. Espectáculos e establecementos públicos.
6. A actividade da policía local como policía administrativa II: urbanismo. Infraccións e sancións. A protección ambiental: prevención e calidade ambiental, residuos e disciplina ambiental.
7. Delitos e faltas. Circunstancias modificativas da responsabilidade criminal. Persoas responsábeis: autoras e cómplices.
8. Delitos contra a seguranza viaria. Faltas cometidas con ocasión da circulación de vehículos de motor. Lesións e danos imprudentes.
9. Lei de seguranza viaria. Regulamentos de desenvolvemento. Estrutura e conceptos xerais.
10. Normas xerais de circulación: lugar na vía, velocidade, prioridade de paso, cambios

de dirección e sentido. Adiantamentos. Parada e estacionamento. Vehículos e transportes especiais. Cinto e casco de seguranza.

11. Circulación por zonas peonís. Comportamento en caso de emerxencia. Sinais de circulación. Clasificación e orde de prioridade. Carencia do seguro obrigatorio.

12. A policía como servizo público. A policía local como policía de proximidade e de servizo. O/a auxiliar de policía e as súas funcións. Responsabilidades do/a auxiliar de policía.

8.-RELACIÓN DE PERSOAS APROBADAS

Estabelecida a puntuación final de cada aspirante, elaborárase unha listaxe destes/as baseándose na súa puntuación e por orde decrecente.

A listaxe provisional, coas puntuacións dos/as aspirantes, exporase ao público no taboleiro de anuncios do Concello, durante cinco días. Neste prazo, os aspirantes poderán presentar as alegacións que xulguen convenientes para a defensa dos seus intereses. Será o tribunal cualificador quen resolva as alegacións presentadas.

Unha vez que o tribunal resolva as alegacións, o Departamento de Persoal elaborará un nova listaxe co nome e apelidos das e dos aspirantes e as súas puntuacións. Esta listaxe, someterase á aprobación por parte da Xunta de Goberno Local e, cando sexa aprobada, terá a condición de definitiva. Posteriormente, exporase no taboleiro de anuncios do Concello para o coñecemento de todas as persoas interesadas.

As e os aspirantes que superaron as probas contrataranse, pola orde de puntuación (de maior a menor), a medida que o demanden as necesidades do servizo, de acordo co art. 95 da Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación das policía locais de Galicia.

9. CURSO DE FORMACIÓN

Os/as aspirantes que superasen o proceso de selección deberán participar nun curso de formación que desenvolverá a Academia Galega de Seguridade Pública na segunda quincena do mes de maio de cada ano, correndo á súa custa os gastos derivados da asistencia a este. Aqueles/as que xa tivesen participado e obtivesen certificado de asistencia ao dito curso, estarán exentos/as desta obriga por un período de catro anos de acordo co previsto no artigo 48.2º do Decreto 243/2008, do 16 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 4/2007, de coordinación de policía locais.

CALENDARIO DAS PROBAS DE SELECCIÓN

21 de marzo: aprobación das bases pola Xunta de Goberno Local.

23 de marzo: publicación das bases.

24 de marzo a 8 de abril: presentación de solicitudes.

13 de abril: publicación da listaxe provisoria de persoas admitidas e excluídas e inicio do período de reclamacións.

18 de abril: publicación da listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas e publicación do calendario das probas.

29 de abril: publicación da listaxe provisoria de resultados e inicio da fase de alegacións.

9 de maio: aprobación pola Xunta de Goberno Local da listaxe definitiva dos resultados das probas.

Visto o informe do secretario municipal do 16 de marzo de 2011, que indica que debe determinarse previamente o número de contratacións que se leven a cabo, que nunca poden superar o 50% do persoal de policía local previsto no Concello e que a duración máxima da contratación en cómputo anual será de catro, excepcionalmente e previa autorización será de seis meses,

Visto o informe favorable da interventora municipal de data 21 de marzo de 2011,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar as bases que rexerán a selección para a confección dunha lista para a contratación temporal de auxiliares da Policía Local de Moaña, así como calendario das probas de selección.

12.- PONTES 2011

Na reunión do comité de persoal e da xunta de persoal realizada o día 14 de marzo deste ano, acordouse propoñer as seguintes pontes para o ano 2011, para a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local: 16 de maio, 31 de outubro e 5 de decembro.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a proposta nos seus xustos termos.

13.- OBRAS NA REDE DE SANEAMENTO

O xefe de servizo de Aqualia Moaña, por escrito do 16.03.11, solicita que se leve a Xunta de Goberno a aprobación dun orzamento de 1.778,59 euros para renovar a rede de saneamento nas proximidades do camping de Tirán. e que sexa incluído con cargo ao Plan de Investimentos.

O concelleiro delegado, fai a seguinte proposta:

Con motivo das obras de construción de vivenda con licenza 26/10 a nome de Isabel Sotelo Outeiral, é necesario recolocar 65 metros da rede de saneamento nas proximidades do camping de Tirán.

Propoño aprobar a proposta de Aqualia de incluír o importe do material no plan de inversións do Concello de Moaña, na cantidade de 1.778,59 € ive engadido.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a obra na rede de saneamento con cargo ao Plan de Investimentos da concesionaria.

14.- MODIFICACIÓN NO SAF

Visto o informe da traballadora social do Concello de data 17 de marzo de 2011 sobre modificación no servizo de axuda no fogar, que di:

BAIXAS

- *Margarita Pereira Arizaga*: por ingreso en residencia, dende o día 1 de marzo de 2011.

ALTAS

- *Isabel González Nogueira*: con efectos dende o 15 de febreiro. 50 h./mes con cargo a Dependencia e cunha aportación de 25 €/mes.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar as modificacións no SAF nos termos sinalados no informe da traballadora social.

15.- REXISTRO DE ANIMAIS POTENCIALMENTE PERIGOSOS – SECRETARIA

15.A) D. JOSÉ ÁNGEL GARCÍA OTERO solicita licenza para a tenza para acompañamento dun can PIT BULL, raza considerada como perigosa, cuxo nome é BUCO

Visto que o solicitante achega toda a documentación requirida, segundo se recolle no informe de Secretaría,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda conceder a licenza solicitada para a tenza de BUCO can de raza PIT BULL -considerada como perigosa-, a súa inscrición no rexistro municipal e que se traslade o acordo ao Rexistro Galego de Animais Potencialmente Perigosos.

15.B) D. JOSÉ PAZ CURRA solicita licenza para a tenza para acompañamento dun can DOBERMAN, raza considerada como perigosa, cuxo nome é SATAN.

Visto que o solicitante achega toda a documentación requirida, segundo se recolle no informe de Secretaría,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda conceder a licenza solicitada para a tenza de SATÁN, can de raza DOBERMAN -considerada como perigosa-, a súa inscrición no rexistro municipal e que se traslade o acordo ao Rexistro Galego de Animais Potencialmente Perigosos.

16.- CEMITERIOS

16.A) D^a Carmen Pastoriza Calvar, por escrito do 31 de xaneiro de 2011, expón que é propietaria dun grupo de nichos nº 60 con 4 fornos no cemiterio de Domaio a nome do seu home Manuel Riobó Ríos, falecido, e que consta no rexistro cos apelidos cambiados, Manuel Ríos Riobó. Achega fotocopia escritura nichos e recibos pagados.

Por informe de secretaría do 15 de marzo do ano dise que:

Consultados os antecedentes obrantes no Concello resulta que efectivamente o propietario deste grupo de nichos é MANUEL RIOBÓ RÍOS e por un fallo de inscrición puxéronse os apelidos cambiados.

Procede por tanto o cambio de apelidos do propietario.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda que se rectifique no rexistro de cemiterios os apelidos do propietario do grupo de nichos nº 60 con 4 fornos, sendo o nome correcto Manuel Riobó Rios.

16.B) D^a Josefa Chapela Bernárdez, por escrito do 28 de febreiro de 2011, expón que na comisión de goberno do 13.08.01 se acordou o cambio de titular de 2 fornos da fila de nichos propiedade de Javier Seijas Iglesias, II ampliación nº 206 do cemiterio de Moaña, ao seu nome, e non especifican o nº dos fornos e poñen mal o seu segundo apelido, xa que rexistran “Boubeta” en lugar de “Bernárdez”. Solicita que se rectifique o 2º apelido poñendo ‘Bernárdez’ e que se especifique os fornos nº 3 e 4 que lle adxudican.

Por informe de secretaría do 15 de marzo do ano dise que:

Consultados os antecedentes obrantes no Concello procede o cambio de apelido pasando en definitiva os nichos 3º e 4º do grupo 206 da 2ª ampliación a nome de JOSEFA CHAPELA BERNÁRDEZ.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda que se rectifique no rexistro de cemiterios no sentido de que a titular dos nichos 3º e 4º do grupo 206 da 2ª ampliación do cemiterio municipal de Moaña é D^a JOSEFA CHAPELA BERNÁRDEZ

17.- SOLICITUDE DE TRANSMISIÓN DE LICENZA DE TAXI

D. José Luis Miranda Díaz, titular da licenza de taxi nº 5, xubilase e por tal motivo, o seu fillo Rodrigo Miranda Germade solicita a transmisión da licenza ao seu nome. O titular da licenza asina e dá a súa conformidade na solicitude, datada o 25.03.11. Ademais, achégase documentación e recibo de ter pagada a taxa por cambio de titularidade, por importe de 194,44 euros (artigo 8.2 da Ordenanza fiscal reguladora).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar o cambio de titularidade da licenza de taxi nº 5 de D. José Luis Miranda Díaz, co NIF 35.929.776 G, ao seu fillo Rodrigo Miranda Germade, co NIF 53.117.147 G.

18.- FURANCHOS

D. GERARDO COUSO CHAPELA solicita autorización para abrir un furancho para a venda de 200 litros de viño branco e 400 de tinto de colleita propia, en Paradela, 2, a partir do 1 de abril de 2011. Presenta declaracións de produción e colleita da campaña 2010-11 da Consellería de Medio Rural.

A Xunta de Goberno, por unanimidade das persoas asistentes, acorda autorizar a instalación do furancho solicitado dende o 1 de abril ao 31 de maio de 2011, debendo

cumprir co establecido no Decreto 116/2008 de 8 de maio da Conselleria de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

19.- SERVIZO DE AUGAS AQUALIA: CONEXIÓNS AUGAS E SANEAMENTO

Á vista das solicitudes presentadas, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar as seguintes conexións:

	Servizo	Lugar	Taxas €	Informe favorable
MONTE DO CON PROMOTORA, S.L.	Auga para construción, expte. 101/08	parcela 2 do Plan Parcial Monte do Con	Taxas 60 € Fianza..... 150 €	Arquitecto técnico
MARÍA DEL PILAR PENA PIÑEIRO	Auga para construción, expte. 237/09	Outeiro, O Cruceiro	Taxas 60 € Fianza..... 150 €	Arquitecto técnico
MARÍA TERESA SANTOMÉ RODRÍGUEZ	Saneamento, uso doméstico	Ceiro, 156, baixo - Meira	Taxas 180 €	Arquitecto técnico Aqualia

Sen máis asuntos que tratar, a Presidencia dá por rematada a sesión, ás 19:20 horas do día fixado no encabezamento, de todo o que, como secretario, DOU FE.